



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BINV-EX / 2017

Expediente: 2017000006043

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2017-ÁREA DE ESTUDOS DE XÉNERO DURANTE O ANO 2017

### Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

A Resolución de Presidencia nº 26098 do 22/08/2017 aprobou a concesión provisional das BOLSAS INVESTIGACIÓN 2017- Área de estudos de xénero, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, o desistimento da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido ANDREA SOUTO GARCÍA, presenta a renuncia á bolsa polo que procede a adxudicación ao primeiro suplente

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1.- Aceptar a renuncia de ANDREA SOUTO GARCÍA.

2.- Conceder definitivamente as bolsas aos solicitantes que se relacionan no Anexo 1 polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 16.000,00€.

3.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación nº 220170008132, importe:16.000,00€.

4.- Publicar a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A título informativo, publicar esta resolución no taboleiro de edictos.

### ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

	Solicitudes	Importe bolsa
Persoa beneficiaria	JAKSON RENNER RODRIGUES SOARES	
NIF	51271753S	8.000,00€
Expediente	2017000010495	
Obxecto	Xénero e eficiencia na industria turística galega: Estudo sobre a igualdade na xestión das empresas turísticas de Galicia	

Persoa beneficiaria	TANIA MERELAS IGLESIAS	
NIF	47368432R	8.000,00€
Expediente	2017000010580	
Obxecto	Asociacionismo das mulleres rurais galegas: análise dos espazos de participación social na provincia de A Coruña	
Total concedido		16.000,00€

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.